

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A EXPOSICIÓN DE ADROVI DE CARTELES ESCOLARES SOBRE DOAZÓN E TRASPLANTES CHEGA AO HOSPITAL CLÍNICO DE SANTIAGO

- Visitaron a exposición a xerente da área sanitaria compostelá, Eloína Núñez

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2022.- O Hospital Clínico de Santiago acolle durante esta semana a exposición dos gañadores do cuarto concurso escolar de carteis sobre a Doazón e Transplante convocado anualmente pola Axencia de Doazón de Órganos e Sangue xunto á Consellería de Educación. Realizada en colaboración coa asociación de doantes transplantados ADROVI está a percorrer os hospitais galegos, onte instaláron unha mesa informativa atendida por membros de ADROVI, que foi visitada pola xerente da área sanitaria compostelá, Eloína Núñez, xunto á coordinadora de transplantes da área, Carmen Rivero e a subdirectora de Humanización, María José Menor.

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade e con Gadisa Retail S.L.U. convocaron o concurso de carteis do curso escolar 2021/22 co tema da doazón e os transplantes coa fin de achegar esta realidade á poboación escolar da comunidade autónoma, de modo que o alumnado sexa capaz de valorar os beneficios para a cidadanía do fomento da doazón de órganos e tecidos.

O IV Concurso carteis para escolares relacionado coa doazón e os transplantes está dirixido ao alumnado de 5º e 6º de educación primaria e primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria. O primeiro premio desta convocatoria foi para o colexio CPR San Narciso de Marín co lema "A mellor acción é a doazón".

Sáúdos do Gabinete de Comunicación e Imaxe